

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE MAIO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día trece de maio do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución da alcaldía do trece de maio de dous mil dezanove), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 6 DE MAIO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de maio de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 6 de maio de 2019.

2.- PROPOSTAS.

2.1.- PROPOSTA EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE APLICACIÓN DO ARTIGO 76 DA LSG FORMULADA POR D. MANUEL NAYA ÁLVAREZ, EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE MERCANTIL VALLE DE RUMBO SL, CO RECOÑECIMENTO DA EXISTENCIA DE ACTO PRESUNTO DE APROBACIÓN INICIAL DO “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NUN ÁMBITO DE SOLO RÚSTICO NO LUGAR DE RUMBO”.

A Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do Sr. concelleiro delegado da Área de Urbanismo, de data 10 de maio de 2019, que transcrita literalmente di:

“Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo á Xunta de Goberno Local sobre o solicitude de aplicación do artigo 76 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, co recoñecemento da existencia do acto administrativo presunto de aprobación inicial do “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo”, que formulou Don Manuel Naya Álvarez na calidade de administrador único da mercantil Valle de Rumbo S.L.

Visto o escrito presentado no rexistro telemático por Don Manuel Naya Álvarez, en representación da entidade mercantil Valle de Rumbo S.L. (número rexistro entrada 2019/4553) e de forma presencial no rexistro municipal (número rexistro entrada 2019/4557) no que expón que xa transcorreron tres meses desde a presentación do texto refundido do plan especial e solicita a aplicación do artigo 76 da Lei do solo de Galicia co recoñecemento de acto

administrativo presunto de aprobación inicial, a emisión do certificado que o acredite e a continuación do procedemento.

Resultando que con data 21 de xaneiro de 2019 (entrada número rexistro 2019/604) Don Manuel Naya Álvarez, no seu nome e na representación da entidade mercantil Valle de Rumbo S.L. presentou o "Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo" (texto refundido), redactado polo arquitecto Don Javier Nogueiras Mascarenhas co selo de visado colexial do 18/01/2019.

Visto o informe emitido en data 20 de febreiro de 2019 polo xefe do Servizo de Urbanismo en relación ao Plan especial (código de documento UAU13100CO) no que sinala:

"Con fecha 15.10.2019, emitíuse informe ao documento presentado no que se cuestionaba a ausencia dun estudo de escorrentía que garantise que o diámetro previsto da rede de saneamento foi a adecuada (prevista en 300 m/m.).

Existía tamén un informe favorable do Responsable do Área de Medio Ambiente e Servizos, que afirmaba que dispoñía de todos os servizos, incluídos as verteduras ao leito do Río (augas pluviais).

Existía tamén unha total indefinición dos usos na parte alta da propiedade.

Con posterioridade ao informe técnico, os servizos xurídicos municipais obxectaron diversas incongruencias, relacionadas cos documentos de titularidade aportados.

A secretaria municipal, nunha reunión mantida coa propiedade, o técnico redactor deste Plan Especial e o técnico que subscribe, realizou unha serie de precisións que eran necesario incorporar ao documento, en concreto a idoneidade dos terreos para o previsto e tamén a imposibilidade de montar este equipamento en Solos clasificados como Urbanos o Urbanizables, tanto no Concello de Culleredo, como nos limitrofes.

Tamén indicou a necesidade de xustificar que o uso previsto respondía a unha necesidade real derivada da análise de previsións de demanda e falta de oferta.

Con data 21.01.2019, preséntase o documento que agora se informa, en base aos antecedentes previamente citados.

Este técnico traslada ao informe, o razoamento xurídico esgrimido pola Secretaría Municipal, quen explicou, con apoio a diversas Sentenzas relativas a interpretación do Solo Rústico, como un espazo o territorio no que deben preservarse os valores do Solo Rústico e do medio rural do desenvolvemento insostible, incorporando áreas de Solo Rústico, que a través de instrumentos de planeamento, desatenden a regra de protección do Medio Ambiente, que por razóns de Interese Xeral, o Lexislador Estatal considerou, que ha de ser común a todo o Territorio Nacional ao ser unha Regulación básica para cuxo establecemento o Estado conta coa competencia do art. 149.1.23 da Constitución Española.

Por tanto o deber de manter o Solo Rústico como un solo con valores medioambientais, debe ser a regra para impedir usos inadecuados o pouco idóneos para su transformación urbanística.

Dito o cal, e dende a óptica de que o Solo Rústico é un precepto básico da Lexislación Estatal quen subscribe, analiza a documentación aportada.

a) Segundo a documentación que se aporta, D. Manuel Naya Alvarez, transmitiu a totalidade da superficie do ámbito a Sociedade Mercantil "Valle de Rumbo, S.L.", segundo escritura pública outorgada o 6 de setembro (6 de setembro de 2018) polo notario D. Victor José Peón Rama, dentro do ámbito encóntranse dúas zonas bastante diferenciada, unha mais chaira e baixa con pouca pendente natural e outra mais alta e arboredo e con maior pendente afastada da estrada CP-3102.

b) Os usos existentes no ámbito, son unha antiga vivenda unifamiliar, transformada na Residencia Comunitaria ao amparo do disposto no art. 40 L.S.G. en relación coa Disposición Transitoria III.

c) A clasificación do Solo no Planeamento do 1987 é de Solo Non Urbanizable de Réxime Normal equivalente a un Solo Rústico Común, segundo a terminoloxía da Lei do Solo Galega (L.2/16).

d) Motivación.

Indicase que o pai do administrador da Sociedade intentou dende os anos 90, durante a revisión do Planeamento Municipal, formar un convenio urbanístico que permitise un uso de equipamento Sanitario-Asistencial (que nunca chegou a asinarse).

Parte o redactor do documento dunha cifra de 30.294 persoas (segundo o censo do 2017).

Nada se indica da pirámide poboacional do Concello con abundancia de xente xove, a diferenza de A Coruña (por citar un exemplo de poboación envellecida).

Resulta evidente que poderían ser razoables, para a poboación de Culleredo, por tanto parece lóxico interpretar que como este tipo de residencias son equipamentos cuxo uso é residencial con especificidades podería buscarse Solo apto dentro do Solo Urbano de Culleredo, (cítanse como Solos aptos para estes usos

- UA número 16 en Vilaboa.

- UA número 28 na parte baixa de Vilaboa.

- UA número 31 en Acea de Ama, al lado do Centro de Saúde.

Soamente estas unidades de actuación con E.D. aprobado supón uns 10.000 m² útiles para este uso, a un promedio de 30 m², por persoa, supón solo urbano adecuado a uso residencial para 333 persoas e aínda poderían incorporarse solos urbanos sin E.D. na Rúa As Brañas, o Pazo dos Serrano, outros 20.000 m², como mínimo.

Quero con isto sinalar, que veuse usando o Solo Rústico como un comodín, para rentabilizar no menor tempo posible, inversións vinculadas a residencias para maiores, co argumento do espazo libre, e saudable (todos os ámbitos sinalados a título exemplificativo, as teñen e proceden destinar a este uso.

É por iso que este técnico entende que non existe motivación para o emprazamento previsto, polo que se informa en sentido desfavorable."

Visto o informe emitido pola Secretaría xeral verbo do plan especial presentado no que, entre outras consideracións, sinala:

"Cuarto.- A análise do Plan especial examinado debe realizarse partindo do disposto no Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (en adiante TRLS), o cal no seu artigo 3 recolle o principio de desenvolvemento sustentable, establecendo no seu parágrafo segundo que: "En virtud del principio de desarrollo sostenible, las políticas a las que se refiere el apartado anterior deben propiciar el uso racional de los recursos naturales armonizando los requerimientos de la economía, el empleo, la cohesión social, la igualdad de trato y de oportunidades, la salud y la seguridad de las personas y la protección del medio ambiente, contribuyendo en particular :

a) La eficacia de las medidas de conservación y mejora de la naturaleza, la flora y la fauna y de la protección del patrimonio, cultura y paisaje.

b) La protección, adecuada a su carácter, del medio rural y la preservación de los valores del suelo innecesario o inidóneo para atender las necesidades de transformación urbanística.

c) La prevención adecuada de los riesgos y peligros para la seguridad y salud públicas y la eliminación efectiva de las perturbaciones de ambas.

d) La prevención y minimización, en la mayor medida posible, de la contaminación de aire, el agua, el suelo y el subsuelo".

E o artigo 21 do dito texto legal, á hora de regular as situacións básicas do solo, sinala no seu partado 2 a) verbo do solo rural que:

“2. Está en la situación de suelo rural:

a) En todo caso, el suelo preservado por la ordenación territorial y urbanística de su transformación mediante la urbanización, que deberá incluir, como mínimo, los terrenos excluidos de dicha transformación por la legislación de protección o policía del dominio público, de la naturaleza o del patrimonio cultural, los que deban quedar sujetos a tal protección conforme a la ordenación territorial y urbanística por los valores en ellos concurrentes, incluso los ecológicos, agrícolas, ganaderos, forestales y paisajísticos, así como aquéllos con riesgos naturales o tecnológicos, incluidos los de inundación o de otros accidentes graves, y cuantos otros prevea la legislación de ordenación territorial o urbanística.”

O Tribunal Constitucional, na Sentencia 143/2017, de 14 de decembro de 2017 sinala no seu fundamento xurídico 23 que :

“ Desde la perspectiva competencial, la situación del suelo rural es claramente diferente del urbanizado (suelo urbano) o del que los instrumentos de ordenación territorial y urbanística prevean o permitan su paso a urbanizado (Suelo urbanizable), por la componente medioambiental, presente de forma más intensa, si cabe, en el suelo del medio rural. En este sentido, al analizar la constitucionalidad del artículo 10.1 a) del texto refundido de la Ley de suelo de 2008, se declaró que dicho precepto refleja “ el reconocimiento de un valor medioambiental a todo suelo rural, y no sólo al especialmente protegido; es, por tanto, una regla de protección del medio ambiente que, por razones de interés general, el legislador estatal ha considerado, legítimamente, que ha de ser común a todo el territorio nacional. Se trata, en consecuencia, de una regulación básica para cuyo establecimiento el estado cuenta con competencia ex artículo 149.1.23 CE, puesto que, aún cuando, como es propio de toda norma básica, condiciona o limita la política de ordenación territorial y urbanística de las Comunidades Autónomas, no las vacía de contenido. Dentro del respecto a la norma básica medioambiental queda un amplio margen para la configuración del modelo concreto de ordenación del territorio y la ciudad, por lo que no se aprecia vulneración de las competencias autonómicas” [STC 141/2014, FJ 8 A)]. Reconocimiento que sigue presente en la legislación vigente cuando, en virtud del principio de desarrollo sostenible, se fija la protección, adecuada a su carácter, del medio rural y la preservación de los valores del suelo innecesario o inidóneo para atender a las necesidades de transformación urbanística [artículo 3.2.b) del texto refundido de la Ley de suelo y rehabilitación urbana]. (.../....)”.

Por tanto, a interpretación da regulación do solo rústico contida na Lei do Solo de Galicia debe realizarse sempre partindo do establecido na regulación básica estatal, e especificamente tendo en conta o principio de desenvolvemento sustentable, en virtude do cal, deben preservarse o solo innecesario ou inidóneo para atender as necesidades de desenvolvemento urbanístico.

No plan especial examinado, a xuízo da que subscribe, a motivación que se contén na memoria xustificativa non xustifica nin a idoneidade da localización elixida e imposibilidade ou inconveniencia de emplazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea(requisito este esixido polo artigo 61 do RLSG) nin a conveniencia e oportunidade da redacción do plan especial .

Ademáis, o xefe de servizo de urbanismo no seu informe de data 20 de febreiro de 2019 (código de documento UAU13I00C0) alude a existencia no termo municipal de solos urbanos aptos para o uso que se pretende co plan especial, polo que, ao existir solo urbano adecuado, carece de xustificación o emprazamento en solo rústico.

Polo exposto, o plan especial examinado incumpre o principio de desenvolvemento territorial e urbano sustentable esixido pola lexislación vixente, polo que se informa desfavorablemente dito plan especial.

Polos mesmos motivos, procede desestimar a solicitude formulada por don Manuel Naya Álvarez en escrito data 29 de abril de 2019 instando a aplicación do artigo 76 da LSG con recoñecemento de acto presunto de aprobación inicial, xa que o parágrafo terceiro de dito precepto legal sinala que “ Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos conteñan determinacións contrarias á Lei, aos plans de superior xerarquía ou aos instrumentos de ordenación do territorio.”

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente o Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo, Concello de Culleredo.

Visto o disposto no artigo 76 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en cuxo parágrafo terceiro preceptúa que “Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos conteñan determinacións contrarias á lei, aos plans de superior xerarquía ou aos instrumentos de ordenación do territorio”.

Visto o disposto no artigo 24.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Facer constar que o prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial do plan especial promovido por Don Manuel Naya Álvarez, no seu nome e na representación da entidade mercantil Valle de Rumbo S.L., con rexistro de entrada no Concello de data 21.01.2019 (número de rexistro de entrada 2019/604) é de tres meses, que transcorreron sen que se ditase resolución expresa.

Segundo.- Facer constar que os efectos xerados pola falta de resolución expresa son desestimatorios de acordo co disposto no artigo 76.3 da lei do Solo de Galicia, polos motivos expostos nos informes transcritos nos antecedentes deste acordo.

Terceiro.- Que pola Secretaria Xeral do Concello se expida certificación do presente acordo ao interesado.

C.I.F. P-1503100-H

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa pódese interpoñer recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo, ao abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-administrativa.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.”

Ao non producirse intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de Urbanismo, de data 10 de maio de 2019, que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

2.2.- PROPOSTA DE DENEGACIÓN DA APROBACIÓN INICIAL DO “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NUN ÁMBITO DE SOLO RÚSTICO NO LUGAR DE RUMBO”.

A Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do Sr. concelleiro delegado da Área de Urbanismo, de data 10 de maio de 2019, que transcrita literalmente di:

“Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo á Xunta de Goberno Local sobre o “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo”, que promoveu D. Manuel Naya Álvarez con posterior subrogación na súa posición xurídica da entidade mercantil Valle de Rumbo S.L.

Antecedentes:

O 10.01.2018 D. Manuel Naya Álvarez presentou o proxecto do “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo” que redactou o arquitecto D. Javier Nogueiras Mascarenhas en decembro do 2017 (sen selo de visado colexial). O proxecto remitiuse o 15.01.2018 (rexistro: 2018/339) á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para a súa tramitación, segundo o que dispón o artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formulou un requirimento de enmenda da documentación para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, requirimento que tivo entrada no Rexistro Municipal o 29.01.2018 (rexistro: 2018/864). Deúselle traslado do requirimento a D. Manuel Naya Álvarez o 02.02.2018 (rexistro: 2018/764).

D. Manuel Naya Álvarez achegou o 12.03.2018 (rexistro: 2018/2307) documentación para contestar ao requirimento de enmenda, documentación que se remitiu á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 23.03.2018 (rexistro: 2018/2135).

Por Resolución do 15.06.2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formulouse o informe ambiental estratéxico, documento que se recibiu no Rexistro Municipal o 25.06.2018.

O 17.07.2018 (rexistro: 2018/7141) D. Manuel Naya Álvarez achegou o proxecto “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo” que redactou o arquitecto D. Javier Nogueiras Mascarenhas con selo de visado colexial do 12.07.2018.

Antes de iniciar a tramitación do plan especial, solicitaronse os informes ás empresas subministradoras e/ou distribuidoras, segundo o que dispón o artigo 185.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG (en adiante RLSC). En concreto, solicitaronse con saída do Rexistro Municipal do 01.08.2018 os informes a Vodafone España S.A. e R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., con saída do rexistro do 02.08.2018 solicitaronse os informes a Telefonica de España S.A.U, Unión Fenosa S.A. e Gas Natural Fenosa.

Constan tamén no expediente as peticións dos informes aos servizos técnicos municipais, segundo o que dispón o artigo 185.2 do RLSC.

O 01.08.2018 (rexistro: 2018/5147) solicitouse ao Ministerio de Fomento (Axencia Estatal de Seguridade Aérea) o informe preceptivo e vinculante que se establece na disposición adicional segunda do Real decreto 2591/1998 de 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo.

No expediente constan os informes que emitiron as empresas R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U., Unión Fenosa Distribución e Nedgia Galicia.

O xefe do Servizo de Urbanismo emitíu un informe o 15.10.2018 no que puxo de manifesto unha serie de deficiencias. Tendo en conta o informe que se cita, requiríuselle a D. Manuel Naya Álvarez o 19.10.2018 (rexistro: 2018/6506) para que corrixe as deficiencias que se sinalaban no informe.

D. Manuel Naya Álvarez o 30.10.2018 achegou un escrito no que formulou unhas serie de aclaracións e ao que acompañou un documento específico da inxeñaría A Tres Proyectos co cálculo da escorrentía. En relación coa documentación que se cita, o xefe do Servizo de Urbanismo puxo de manifesto a obriga de presentar un documento refundido no que se recolleran os datos que se achegaron.

Consta no expediente o informe favorable que asinou o 19.11.2018 o Subdirector Xeral de Aeroportos e Navegación Aérea, co visto e prace do Director Xeral de Aviación Civil.

A Secretaria Xeral emitíu un informe o 03.12.2018, segundo o que dispón o artigo 3.3.7º do Real decreto 28/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, no que informou desfavorablemente o plan especial.

O 21.01.2019 D. Manuel Naya Álvarez, no seu nome e na representación da entidade mercantil Valle de Rumbo S.L., achegou o proxecto do "Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo" (texto refundido), que redactou o arquitecto D. Javier Nogueiras Mascarenhas con selo de visado colexial do 18.01.2019, ao que acompañou un escrito do 21.12.2018 no que a entidade Valle de Rumbo S.L. se subroga na posición xurídica de D. Manuel Naya Álvarez. O proxecto informouse desfavorablemente polo xefe do Servizo de Urbanismo o 20.02.2019.

D. Manuel Naya Álvarez, na calidade de administrador único da mercantil Valle de Rumbo S.L., o 29.04.2019 presentou no rexistro telemático (rexistro: 2019/4553) e de forma presencial no Rexistro Municipal (rexistro: 2019/4557) un escrito no que insta a aplicación do artigo 76 da LSG co recoñecemento da existencia do acto administrativo presunto de aprobación inicial, a emisión do certificado no que se acredite e que seguemento do procedemento.

A Secretaria Xeral emitíu un informe o 06.05.2019, en cumprimento do disposto no artigo 3.3.7º do Real decreto 28/2018, no que despois de informar desfavorablemente o plan especial, estima que procede desestimar a solicitude de aplicación do artigo 76 da LSG que formulou D. Manuel Naya Álvarez.

Consideracións xurídicas:

C.I.F. P-1503100-H

Primeira.- O artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL) recoñece, entre outras, como competencia propia do municipio a relativa á materia de urbanismo: Planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.: Sen prexuízo da competencia que con carácter exclusivo o artigo 27.3 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do estatuto de autonomía de Galicia, lle asigna á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda nos termos que determinen as leis.

O artigo 4 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e da rehabilitación urbana (en adiante TRLS) dispón que:

"A ordenación territorial e a urbanística son funcións susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo conforme ao destiño deste. Esta determinación con confire dereito a exixir indemnización, agás nos casos expresamente establecidos nas leis.

O exercicio da ordenación territorial e urbanística deberá ser motivado, con expresión dos intereses xerais aos que serve.

As potestades administrativas en materia de planeamento baseanse na discrecionalidade do seu exercicio, polo que se fai imprescindible someter as determinacións que nacen dese exercicio a un proceso de xustificación para evitar a arbitrariedade, a exixencia disa motivación encontrase positivizada no artigo 4 do TRLS.

Segunda.- A LSG no seu artigo 35, ao regular os usos e actividades posibles no solo rústico fai referencia, entre outros, a "p) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados".

Os plans especiais de infraestruturas e dotacións regulanse na LSG no seu artigo 73, no que dispón:

"1. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos puntos o) e p) do artigo 35.1, de conformidade co disposto no artigo 36.4.

2. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións conterán as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes:

- a) Delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto.
- b) Medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.
- c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.”

En concordancia co artigo 73 que se cita, o RLSG no seu artigo 183 regula os plans especiais de infraestruturas e dotacións, no que despois de definilos no seu apartado 1, sinala no segundo que:

2. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións conterán as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes (artigo 73.2 da LSG):

- a) Delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto (artigo 73.2.a) da LSG).

A tal efecto, establecemento da cualificación como dotacional do solo que requira a súa implantación, indicando o seu carácter público ou privado e, de ser o caso, identificación como sistema xeral ou local das instalacións que conteña.

- b) Medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas (artigo 73.2.b) da LSG).

- c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas (artigo 73.2.c) da LSG).

- d) Regulación das características da dotación e, no seu caso, dos parámetros edificatorios aplicables.

- e) Regulación, se é o caso, doutros criterios e normas ás cales se teña que axustar o correspondente proxecto técnico.

- f) No caso de plans especiais para a implantación dos usos previstos na letra o) do artigo 50, o plan especial incorporará unha xustificación do cumprimento das condicións establecidas no artigo 54 que garanta que a instalación ou construción dedicada ao turismo que se proxecta é potenciadora do medio no que se localiza.”

Terceira.- Documentación dos plans especiais.

Polo que respecta á documentación dos plans especiais, o artigo 184 do RLSG fai referencia á memoria, que se divide en parte informativa e parte xustificativa, e dispón que nesta debe establecerse a conveniencia e a oportunidade da redacción do plan especial de que se trate, dos seus obxectivos e determinacións, así como do cumprimento da normativa sectorial e urbanística, e a súa coherencia co plan xeral de ordenación municipal, cando exista, e cos instrumentos de ordenación urbanística.

De forma expresa, o artigo 184 do RLSG dispón:

1. Con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto nos artigos 181.3 e 182.2, respecto da documentación dos plans especiais de reforma interior, as determinacións ás cales se refiren os artigos anteriores concretaranse nos documentos seguintes:

- a) Memoria, que se dividirá en:

a.1) Parte informativa, que recolla os datos e as referencias precisas para a delimitación do ámbito de actuación e a definición das súas características concretas.

a.2) *Parte xustificativa, que estableza a conveniencia e oportunidade de redacción do plan especial de que se trate, dos seus obxectivos e determinacións, así como o cumprimento da normativa sectorial e urbanística, e a súa coherencia co plan xeral de ordenación municipal, cando exista, e cos instrumentos de ordenación do territorio.*

b) *Relación das persoas titulares dos terreos afectados polo plan especial segundo datos catastrais.*

c) *Estudos complementarios necesarios en función da súa finalidade.*

d) *Planos de información a escala adecuada.*

e) *Planos de ordenación a escala adecuada.*

f) *Ordenanzas de edificación e usos do solo, cando se trate de plans especiais de reforma interior.*

g) *Normas de protección, cando se trate de plans especiais desta natureza.*

h) *Normas técnicas e parámetros da edificación aos cales deban axustarse os proxectos técnicos, cando se trate de desenvolver sistemas xerais ou obras de infraestruturas de comunicación e de servizos, ou en calquera outro caso que se considere necesario.*

i) *Avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización, incluíndo a conexión aos sistemas xerais e, se é o caso, as obras de ampliación ou reforzo deles.*

O plan especial incluírá, dentro do estudo económico, unha memoria de viabilidade económica, en termos de rendibilidade, cando así o exixa a lexislación estatal e co contido sinalado nela.

j) *Catálogo, se é o caso, de conformidade co establecido nos artigos 195 a 198.*

Sen prexuízo das medidas protectoras que os plans xerais e os instrumentos de ordenación do territorio establezan, poderanse incluír nos catálogos dos plans especiais relacións de bens concretos que, situados en calquera clase de solo, deban ser obxecto de conservación e mellora, sempre que formen parte do ámbito do plan especial de que se trate.

2. A documentación dos plans especiais terá o grao de precisión adecuado aos seus fins.

3. As modificacións que os plans especiais introduzan respecto da ordenación detallada xa establecida polo planeamento xeral xustifícaranse adecuadamente na documentación do plan especial, de acordo co establecido nos artigos 157 e 158.

4. A documentación do plan especial formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente."

En relación cos plans formulados polos particulares, o artigo 185 do RLSG no parágrafo segundo do apartado primeiro que deberán cumprir co que establecen os artigos 159 e 160, preceptos que se refiren aos plans de iniciativa particular e nos que se establece:

Artigo 159. Plans de desenvolvemento de iniciativa particular

1. Os plans de iniciativa particular, ademais das determinacións establecidas neste título, deberán:

a) *Determinar a obriga de conservación da urbanización, expresando se será por conta do municipio, dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización (artigo 66.a) da LSG).*

No caso de que a obriga de conservación da urbanización sexa por conta dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización, indicarse o período de tempo a que se estenderá a dita obriga.

b) Acreditar, no caso de plans elaborados por iniciativa particular, a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50 % da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

2. Os propietarios ou propietarias interesados deberán presentar un documento en que se acrediten fidedignamente os termos establecidos nas alíneas a) e b) anteriores, que se achegará coa documentación do plan presentado ante a Administración.

Neste documento deberán recollerse os seguintes datos: nome e apelidos, ou razón social, e domicilio das persoas propietarias afectadas, e os datos de titularidade catastral e os reflectidos no Rexistro da Propiedade, relacionados cos predios incluídos no ámbito da ordenación que representen máis do 50 % exixido.”

“Artigo 160. Formulación dos plans de desenvolvemento de iniciativa particular

1. Os particulares poderán formular e elevar á Administración competente para a súa tramitación, os plans parciais, plans especiais e estudos de detalle que se redacten en desenvolvemento do plan xeral.

2. As persoas propietarias interesadas deberán presentar o documento no prazo establecido no plan xeral. Cando este non o estableza, o prazo máximo será de tres anos desde a aprobación do plan xeral.

3. A Administración urbanística competente responderá as consultas dos interesados sobre as obras que se deberán realizar con cargo aos promotores para asegurar a conexión cos sistemas xerais exteriores á actuación.

Para tal efecto, e segundo o disposto no artigo 162.g), os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e distribuidoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos antes de iniciar a tramitación do plan. Transcorrido o prazo para a súa emisión, poderá continuarse co procedemento.”

Cuarto.- Procedemento administrativo.

O plan especial tramitouse conforme ao procedemento que se describe nos artigos 75 da LSG e 186 do RLSC.

No que respecta ao artigo 75 da LSG, establece:

1. A tramitación dos plans parciais e plans especiais axustarase ao seguinte procedemento:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

c) Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.

d) Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

e) A aprobación de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado requirirá, en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

Para estes efectos, cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.

O órgano competente en materia de urbanismo, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe.

f) Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.

2. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, en virtude do disposto no artigo 46.1, seguirase o procedemento establecido no artigo 60, puntos 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12.

3. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada, en virtude do disposto no artigo 46.2, con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites:

a) O promotor remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que achegará o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

b) O órgano ambiental, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses.

No caso de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado, entre os órganos que haberá que consultar estará o competente en materia de urbanismo.

O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se o plan ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

4. A aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderalle ao órgano municipal competente.

Pola súa banda o artigo 183 do RLSG pronúnciase en termos similares.

Consta no expediente:

- A Resolución do 15.06.2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático na que formulou o informe ambiental estratéxico.

- Os informes que emitiron as empresas subministradoras e/ou distribuidoras R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U., Unión Fenosa Distribución e Nedgia Galicia, segundo o que dispón o artigo 185.2 do RLSG.

- Os informes que emitiu o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras o 29.08.2018 (código de documento UME12I020Z) e o 12.12.2018 (código de documento UME12I031O).

- Os informes que emitíu o xefe do Servizo de Urbanismo o 15.10.2018 (código de documento UAU12I0398), o 16.10.2018 (código de documento UAU12I03AI), o 02.11.2018 (código de documento UAU12I03GR) e o 20.02.2019 (código de documento UAU13I00C0).

- O informe favorable que asinou o 19.11.2018 o Subdirector Xeral de Aeroportos e Navegación Aérea, co visto e prace do Director Xeral de Aviación Civil.

- Os informes que emitíu a Secretaria Xeral o 03.12.2019 (código de documento USG12I013F) e o 06.05.2019 (código de documento USG13I00F6).

Quinta.- Órgano competente.

O artigo 21 da LBRL atribúe ao Alcalde, entre outras, a competencia para “j) *As aprobacións de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización*”.

Segundo o que dispón o artigo 22.2 c) da citada LBRL, é competencia do Pleno da Corporación a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera de ditos instrumentos.

Deben aprobarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación os acordos que corresponda adoptar á corporación na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística, dispón o artigo 47 da LBRL. Por requirir a maioría absoluta, son preceptivos os informes de Secretaria e Intervención, segundo o que dispón o artigo 54 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Tendo en conta a normativa que se cita, o órgano competente para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral, ao non estar atribuída de forma expresa ao Pleno, é o Alcalde, se ben no Concello de Culleredo a competencia efectiva correspondelle á Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación de competencias que se efectuó por Resolución da Alcaldía o 10.11.2017 e que se publicou no BOP número 218 do 16.11.2017.

Para a aprobación definitiva é competente o Pleno Municipal, requírese para a súa aprobación o quorum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Sexta.- Análise do plan especial.

A modo de resumo, para o análise do plan especial tense en conta:

O informe que emitíu a Secretaria Xeral o 03.12.2018 (código do documento USG12I013F) no que puxo de manifesto:

(./.)- A xuízo da que subscribe, a motivación que se contén na memoria xustificativa do plan non xustifica nin a idoneidade da localización elixida e imposibilidade ou inconveniencia de emplazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea(requisito este esixido polo artigo 61 do RLSG) nin a conveniencia e oportunidade da redacción do plan especial para as dúas zonas en que se divide o seu ámbito territorial. Polo que respecta á zona 2, o propio uso que define o plan: “dotacional múltiple”, sen especificar o destino concreto- o que por outra banda, incumpre o disposto nos artigos 73 da LSG e 183.2 a) do RLSG, que esixen como unha das determinacións destes tipos de plans, a relativa á delimitación dos espazos reservados oara infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto- pon de manifesto a inexistencia da dita motivación.

Por esta ausencia/insuficiencia de xustificación por esta Secretaría infórmase desfavorablemente o plan especial.

Se ben o criterio da que suscribe quedou exposto, para o caso de que fose outro o criterio da Corporación, fanse as seguintes consideracións en relación ao documento examinado:

- A documentación presentada en data 30 de outubro de 2018(entrada núm. rexistro 2018/10753) debería formar parte do plan, polo que debería presentarse un texto refundido que conteña todos os datos que se achegaron co dito escrito.

- Na páx. 189 (do expediente), o Plan alude a que ao ámbito aplicaráselle o disposto na Lei para o solo rústico de protección ordinaria, o que non é correcto por canto, como sinala a Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo correspóndelle á totalidade do solo a categoría de solo rústico de protección de infraestruturas (SRPI), por estar incluído nas zonas de servidumbres aeronáuticas do aeroporto de Alvedro e estar afectado na franxa norte pola zona de protección da estrada CP-3102(de titularidade provincial). Compriría, polo tanto, corrixir este extremo, debendose tamén ter en conta que de conformidade co disposto no artigo 36.4 da LSG, ao implantarse en solo rústico especialmente protexido é preciso obter a autorización ou informe favorable do órgano sectorial correspondente.

- A documentación incluída no plan relativa ao cumprimento das obrigas do artigo 159 do RLSC non é documentación orixinal nin fotocopia compulsada, polo que non se cumpre o disposto en dito precepto regulamentario, que esixe a presentación de documentos que acrediten fehacientemente os términos establecidos nos apartados a) e b) (determinación da obriga de conservación da urbanización e acreditación da aceptación polos propietarios que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento).

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente o Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo, Concello de Culleredo. Promotor Manuel Naya Álvarez.(../..)

C.I.F. P-1503100-H

O informe que emitiu o xefe do Servizo de Urbanismo o 20.02.2019 (código do documento UAU13100C0) no que se recolle de forma literal:

“Asunto.- Plan Especial de Dotacións e Infraestructuras no Lugar de Rumbo, promovido por D. Manuel Naya Alvarez, en representación da empresa “VALLE DE RUMBO, S.L., segundo o proxecto que redactou o arquitecto D. Javier Nogueiras Mascarenhas, con selo de visado colexial de 18.01.2019.

Visto o expediente de referencia o técnico que subscribe ten a ben

INFORMAR:

Con fecha 15.10.2019, emitiuse informe ao documento presentado no que se cuestionaba a ausencia dun estudo de escorrentía que garantise que o diámetro previsto da rede de saneamento foi a adecuada (prevista en 300 m/m.).

Existía tamén un informe favorable do Responsable do Área de Medio Ambiente e Servizos, que afirmaba que dispoñía de todos os servizos, incluídos as verteduras ao leito do Río (augas pluviais).

Existía tamén unha total indefinición dos usos na parte alta da propiedade.

Con posterioridade ao informe técnico, os servizos xurídicos municipais obxectaron diversas incongruencias, relacionadas cos documentos de titularidade aportados.

A secretaria municipal, nunha reunión mantida coa propiedade, o técnico redactor deste Plan Especial e o técnico que subscribe, realizou unha serie de precisións que eran necesario incorporar ao documento, en concreto a idoneidade dos terreos para o previsto e tamén a imposibilidade de montar este equipamento en Solos clasificados como Urbanos o Urbanizables, tanto no Concello de Culleredo, como nos limitrofes.

Tamén indicou a necesidade de xustificar que o uso previsto respondía a unha necesidade real derivada da análise de previsións de demanda e falta de oferta.

Con data 21.01.2019, preséntase o documento que agora se informa, en base aos antecedentes previamente citados.

Este técnico traslada ao informe, o razoamento xurídico esgrimido pola Secretaría Municipal, quen explicou, con apoio a diversas Sentenzas relativas a interpretación do Solo Rústico, como un espazo o territorio no que deben preservarse os valores do Solo Rústico e do medio rural do desenvolvemento insostible, incorporando áreas de Solo Rústico, que a través de instrumentos de planeamento, desatenden a regra de protección do Medio Ambiente, que por razóns de Interese Xeral, o Lexislador Estatal considerou, que ha de ser común a todo o Territorio Nacional ao ser unha Regulación básica para cuxo establecemento o Estado conta coa competencia do art. 149.1.23 da Constitución Española.

Por tanto o deber de manter o Solo Rústico como un solo con valores medioambientais, debe ser a regra para impedir usos inadecuados o pouco idóneos para su transformación urbanística.

Dito o cal, e dende a óptica de que o Solo Rústico é un precepto básico da Lexislación Estatal quen subscribe, analiza a documentación aportada.

a) Segundo a documentación que se aporta, D. Manuel Naya Alvarez, transmitiu a totalidade da superficie do ámbito a Sociedade Mercantil "Valle de Rumbo, S.L.", segundo escritura pública outorgada o 6 de setembro (6 de setembro de 2018) polo notario D. Víctor José Peón Rama, dentro do ámbito encóntranse dúas zonas bastante diferenciada, unha mais chaira e baixa con pouca pendente natural e outra mais alta e arboredo e con maior pendente afastada da estrada CP-3102.

b) Os usos existentes no ámbito, son unha antiga vivenda unifamiliar, transformada na Residencia Comunitaria ao amparo do disposto no art. 40 L.S.G. en relación coa Disposición Transitoria III.

c) A clasificación do Solo no Planeamento do 1987 é de Solo Non Urbanizable de Réxime Normal equivalente a un Solo Rústico Común, segundo a terminoloxía da Lei do Solo Galega (L.2/16).

d) Motivación.

Indicase que o pai do administrador da Sociedade intentou dende os anos 90, durante a revisión do Planeamento Municipal, formar un convenio urbanístico que permitise un uso de equipamento Sanitario-.Asistencial (que nunca chegou a asinarse).

Parte o redactor do documento dunha cifra de 30.294 persoas (segundo o censo do 2017).

Nada se indica da pirámide poboacional do Concello con abundancia de xente xove, a diferenza de A Coruña (por citar un exemplo de poboación envellecida).

Resulta evidente que poderían ser razoables, para a poboación de Culleredo, por tanto parece lóxico interpretar que como este tipo de residencias son equipamentos cuxo uso é residencial con especificidades podería buscarse Solo apto dentro do Solo Urbano de Culleredo, (cítanse como Solos aptos para estes usos

- UA número 16 en Vilaboa.

- UA número 28 na parte baixa de Vilaboa.

- UA número 31 en Acea de Ama, al lado do Centro de Saúde.

Soamente estas unidades de actuación con E.D. aprobado supón uns 10.000 m² útiles para este uso, a un promedio de 30 m², por persoa, supón solo urbano adecuado a uso residencial para 333 persoas e aínda poderían incorporarse solos urbanos sin E.D. na Rúa As Brañas, o Pazo dos Serrano, outros 20.000 m², como mínimo.

Quero con isto sinalar, que veuse usando o Solo Rústico como un comodín, para rentabilizar no menor tempo posible, inversións vinculadas a residencias para maiores, co argumento do espazo libre, e saudable (todos os ámbitos sinalados a título exemplificativo, as teñen e proceden destinar a este uso.

É por iso que este técnico entende que non existe motivación para o emprazamento previsto, polo que se informa en sentido desfavorable."

E o informe que emitíu a Secretaria Xeral o 06.05.2019 (código do documento USG13I00F6) no que puxo de manifesto:

(../..) **Cuarto.-** A análise do Plan especial examinado debe realizarse partindo do disposto no Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (en adiante TRLS), o cal no seu artigo 3 recolle o principio de desenvolvemento sustentable, establecendo no seu parágrafo segundo que: “En virtud del principio de desarrollo sostenible, las políticas a las que se refiere el apartado anterior deben propiciar el uso racional de los recursos naturales armonizando los requerimientos de la economía, el empleo, la cohesión social, la igualdad de trato y de oportunidades, la salud y la seguridad de las personas y la protección del medio ambiente, contribuyendo en particular :

a) La eficacia de las medidas de conservación y mejora de la naturaleza, la flora y la fauna y de la protección del patrimonio, cultura y paisaje.

b) La protección, adecuada a su carácter, del medio rural y la preservación de los valores del suelo innecesario o inidóneo para atender las necesidades de transformación urbanística.

c) La prevención adecuada de los riesgos y peligros para la seguridad y salud públicas y la eliminación efectiva de las perturbaciones de ambas.

d) La prevención y minimización, en la mayor medida posible, de la contaminación de aire, el agua, el suelo y el subsuelo”.

E o artigo 21 do dito texto legal, á hora de regular as situacións básicas do solo, sinala no seu apartado 2 a) verbo do solo rural que:

“2. Está en la situación de suelo rural:

a) En todo caso, el suelo preservado por la ordenación territorial y urbanística de su transformación mediante la urbanización, que deberá incluir, como mínimo, los terrenos excluidos de dicha transformación por la legislación de protección o policía del dominio público, de la naturaleza o del patrimonio cultural, los que deban quedar sujetos a tal protección conforme a la ordenación territorial y urbanística por los valores en ellos concurrentes, incluso los ecológicos, agrícolas, ganaderos, forestales y paisajísticos, así como aquéllos con riesgos naturales o tecnológicos, incluidos los de inundación o de otros accidentes graves, y cuantos otros prevea la legislación de ordenación territorial o urbanística.”

O Tribunal Constitucional, na Sentencia 143/2017, de 14 de decembro de 2017 sinala no seu fundamento xurídico 23 que :

“ Desde la perspectiva competencial, la situación del suelo rural es claramente diferente del urbanizado (suelo urbano) o del que los instrumentos de ordenación territorial y urbanística prevean o permitan su paso a urbanizado(Suelo urbanizable), por la componente medioambiental, presente de forma más intensa, si cabe, en el suelo del medio rural. En este sentido, al analizar la constitucionalidad del artículo 10.1 a) del texto refundido de la Ley de suelo de 2008, se declaró que dicho precepto refleja “ el reconocimiento de un valor medioambiental a todo suelo rural, y no sólo al especialmente protegido; es, por tanto, una regla de protección del medio ambiente que, por razones de interés general, el legislador estatal ha considerado, legítimamente, que ha de ser común a todo el territorio nacional. Se trata, en consecuencia, de una regulación básica para cuyo establecimiento el estado cuenta con competencia ex artículo 149.1.23 CE, puesto que, aún cuando, como es propio de toda norma básica, condiciona o limita la política de ordenación territorial y urbanística de las Comunidades Autónomas, no las vacía de contenido. Dentro del respecto a la norma básica medioambiental queda un amplio margen para la configuración del modelo concreto de ordenación del territorio y la ciudad, por lo que no se aprecia vulneración de las competencias autonómicas”[STC 141/2014, FJ 8 A)]. Reconocimiento que sigue presente en la legislación vigente cuando, en virtud del principio de desarrollo sostenible, se fija la protección, adecuada a su carácter, del medio rural y la preservación de los valores del suelo innecesario o inidóneo para atender a las necesidades de transformación urbanística [artículo 3.2.b) del texto refundido de la Ley de suelo y rehabilitación urbana].(../..).”

Por tanto, a interpretación da regulación do solo rústico contida na Lei do Solo de Galicia debe realizarse sempre partindo do establecido na regulación básica estatal, e especificamente tendo en conta o principio de desenvolvemento sustentable, en virtude do cal, deben preservarse o solo innecesario ou inidóneo para atender as necesidades de desenvolvemento urbanístico.

No plan especial examinado, a xuízo da que subscribe, a motivación que se contén na memoria xustificativa non xustifica nin a idoneidade da localización elixida e imposibilidade ou inconveniencia de emplazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea(requisito este esixido polo artigo 61 do RLSG) nin a conveniencia e oportunidade da redacción do plan especial .

Ademáis, o xefe de servizo de urbanismo no seu informe de data 20 de febreiro de 2019 (código de documento UAU13I00C0) alude a existencia no termo municipal de solos urbanos aptos para o uso que se pretende co plan especial, polo que, ao existir solo urbano adecuado, carece de xustificación o emprazamento en solo rústico.

Polo exposto, o plan especial examinado incumpre o principio de desenvolvemento territorial e urbano sustentable esixido pola lexislación vixente, polo que se informa desfavorablemente dito plan especial.

Polos mesmos motivos, procede desestimar a solicitude formulada por don Manuel Naya Álvarez en escrito data 29 de abril de 2019 instando a aplicación do artigo 76 da LSG con recoñecemento de acto presunto de aprobación inicial, xa que o parágrafo terceiro de dito precepto legal sinala que “ Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos conteñan determinacións contrarias á Lei, aos plans de superior xerarquía ou aos instrumentos de ordenación do territorio.”

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente o Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo, Concello de Culleredo.(../.)

Tendo en conta os antecedentes e as consideracións xurídicas que se citan,

Proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación do seguinte acordo:

Denegar a aprobación inicial do “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo”, que promoveu D. Manuel Naya Álvarez con posterior subrogación na súa posición xurídica da entidade mercantil Valle de Rumbo S.L.

Contra o presente acto de trámite cualificado pódese interpoñer recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo, ao abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-administrativa.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.”

Ao non producirse intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de Urbanismo, de data 10 de maio de 2019, que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- DACIÓN DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN. PUBLICACIÓN OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 6 de maio de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa FO207/2019: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais, durante o ano 2019. BOP núm. 86 do 08-05-2019.
- Anuncio do 2 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 30 de abril de 2019 de 13.00 a 15.00 horas. BOP núm. 88 do 10-05-2019.
- Anuncio do 6 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación do padrón fiscal da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública, correspondente ao ano 2019. BOP núm. 89 do 13-05-2019.
- Anuncio do 6 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación do padrón fiscal da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, correspondente ao ano 2019. BOP núm. 89 do 13-05-2019.

C.I.F. P-1503100-H

3.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da Concellería delegada da Área de Urbanismo:

“RESOLUCION DO 14.04.2019

Resolución núm 610.- Primeiro, ordenando a paralización inmediata das obras de renovación das tubaxes principais de abastecemento, no contorno da Universidade Laboral, adoptándose no caso de desobediencia as medidas necesarias para garantir a súa total interrupción. A estes efectos ordénase a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e a maquinaria afecta a ela, procedéndose no caso contrario ao seu precinto polo Concello sen prexuízo da adopción doutras medidas de acordo co disposto na lei citada anteriormente.

Segundo.- Incoar un expediente de reposición da legalidade a EMALCSA, derivado da execución dunhas obras de renovación das tubaxes principais de abastecemento, no contorno da Universidade Laboral, sen contar co título habilitante exixible .

Terceiro.- Dar audiencia no expediente á interesada que disporá dun prazo de 15 días hábiles, que contan desde o seguinte ao que reciba a notificación da presente Resolución, para que formule as alegacións e achegue os documentos e as xustificacións que considere pertinentes. (UAU/2019/146).

RESOLUCION DO 26.04.2019

Resolución núm 678, Concedendo a Sporting Club Casino de La Coruña, solicitou licenza municipal de obras para montaxe e instalacion dunha cuberta lixeira portante - móbil para 3 pistas de tenis, na avda. Nueva York s/n – Rutis, UAU/2019/3.

RESOLUCION DO 07.05.2019

Resolución núm 718.- Concedendo a D^a. I.R.V. e D. R.P.P., licenza municipal de obras para a ampliación dunha vivenda unifamiliar situada no lugarde Orro, parroquia de Orro (exp. UAU/2018/727)

Resolución núm 719.- Concedendo a J.M.V.S., licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral 15031A02410323000OP, situada na rúa Cillobre, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2019/6).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 25 de abril de 2019, a comunicación previa presentada por TECBETON CONSTRUCCIONES, S.L., para impermeabilización medianera, no edificio situado na Avda. de Vilaboa núm. 33, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/162).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 30 de abril de 2019, a comunicación previa presentada por R.G.C., para obras de reforma de cociña en vivenda situada na Avda. Xoan Carlos I, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/689).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 30 de abril de 2019, a comunicación previa presentada por A.B.V., para substitución de tellas en vivenda situada na Rúa Regueira, parroquia de Almeiras. (exp. UAU/2018/746).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 30 de abril de 2019, a comunicación previa presentada por COMUNIDADE PORPIETARIOS AV VILABOA, 48, para impermeabilización de canalones cuberta edificio situado na Avda. de Vilaboa, 48, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/692).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 8 de maio de 2019, a comunicación previa presentada por M.D.R.B., para construción de piscina de 25 m2, en parcela situada en Donepedre, parroquia de Castelo (exp. UAU/2019/87).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 8 de maio de 2019, a comunicación previa presentada por DIAL EQUIPAMENTO para a reforma interior de oficinas en nave industrial destinada a taller de reparación venda e aluguer de maquinaria local situada en Rúa Marisqueira, 10, parroquia de Almeiras. (exp. UAU/2018/236)."

3.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

"

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
03/05/19	704	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	C. P. F.	Cinco horas á semana (agás festivos)

03/05/19	705	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	M. R. I.	Tres horas á semana (agás festivos).
03/05/19	706	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	A. N. V. E. M. P. R.	Dúas horas á semana (agás festivos).

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
04/04/19	525	Corrección de erros	M.I.M.L.	Corrixir o erro detectado na resolución nº 381 de data 12/03/2019 no sentido de onde di: "que lle será aboada mediante folla de pedido ao proveedor", debe dicir "que lle será aboada mediante talón bancario nominativo".	
12/04/19	591	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	T.C.V.	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 10 de febreiro de 2019 a 12 de marzo de 2019.	55,96 €
12/04/19	596	Conceder unha axuda económica	F.L.B.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2019 (200 €) mes e xuño de 2019 (75 €).	1.075,00 €
15/04/19	608	Conceder unha axuda económica	J.B.M.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro de 2018 a decembro de 2018. Pago de recibo de auga correspondente ao 3º e 4º trimestre de 2016, e 1º, 2º, 3º e 4º trimestre de 2018. O pago efectuarase mediante talón nominativo.	220,00 € 406,50€
16/04/19	614	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.V.A.C.	Pago recibo de luz correspondente ao período de 08 de outubro de 2018 a 31 de outubro	42,78 €

C.I.F. P-1503100-H

				de 2018.	
16/04/19	615	Conceder unha axuda económica.	M.E.B.R.	Pago recibos de auga correspondentes ao 4º trimestre de 2018, 1º, 2º 3º trimestre de 2019. Pago recibos de electricidade correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2019. Pago recibos de comunidade correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2019. Bono de alimentos tipo A, durante 2 meses e cunha entrega mensual.	1.075,68 €
25/04/19	663	Conceder unha axuda económica	D.D.F.T.	Pago abono transporte do mes de xaneiro de 2019. (49 €). Pago gastos de transporte desde o mes febreiro de 2019 ata o decembro de 2019. Mercar roupa, calzado e material escolar por importe de 300 €.	1.041,87 €
25/04/19	664	Conceder unha axuda económica	S.C.G.B.	Pago de alugueiro correspondente aos meses de xaneiro, e febreiro de 2019 (370 €/mes), e marzo de 2019 (335 €) que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
25/04/19	665	Conceder unha axuda económica.	J.J.V.M.	Pago de alugueiro, febreiro 2019 (150 €), e de marzo a xullo de 2019 (185 €/mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
25/04/19	666	Conceder unha axuda económica.	J.C.S.M.	Pago de recibo de alugueiro correspondente aos meses de abril 2019 (175 €), e de maio a setembro de 2019 (180	1.075,00 €

C.I.F. P-1503100-H

				€/mes) que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	
25/04/19	667	Conceder unha axuda económica	C.P.G.O	Pago de alugueiro correspondente aos meses de xaneiro 2019 (85€) e de febreiro a abril de 2019 (330 €/ mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
25/04/19	668	Conceder unha axuda económica	M.C.G.D.	Pago dos recibos do alugueiro correspondente aos meses de xaneiro a marzo 350 €/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.050,00 €
25/04/19	669	Conceder unha axuda económica.	A.M.C.	Pago do recibo de alugueiro correspondente aos meses de xaneiro de 2019 (275 €) e febreiro e marzo de 2019 (400 €/mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
25/04/19	670	Conceder unha axuda económica.	J.P.M.G.	Pago do recibo de alugueiro correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2019 (350 €/mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.050,00 €
25/04/19	671	Conceder unha axuda económica.	J.A.M.V.	Pago de alugueiro correspondente aos meses de febreiro a abril de 2019 (350 €/mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.050,00 €
25/04/19	672	Conceder unha axuda económica	G.P.	Pago do alugueiro correspondente aos meses de febreiro de 2019 (315 €) e marzo e abril de 2019 (/380 €/mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
25/04/19	673	Conceder unha axuda económica	B.L.M.	Pago do alugueiro correspondente aos meses de xaneiro de 2019 (275 €), e febreiro e marzo de 2019 (400 €/mes), que lle será aboada mediante	1.075,00 €

				talón bancario nominativo.	
25/04/19	674	Conceder unha axuda económica.	J.D.O.C.	Pago da hipoteca, correspondente aos meses de xaneiro a agosto de 2019 (128 €/mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.024,00 €
03/05/19	702	Conceder unha axuda económica.	H. G. L.	Pago de aluguer, correspondendo 400 € os meses de marzo e abril e 275,68 € o mes de maio.	1.075,68 €
03/05/19	703	Conceder unha axuda económica.	A. M. S. R.	Pago de hipoteca, correspondendo 260 € os meses de febreiro, marzo, abril e maio e 35,68 € o mes de xuño.	1.075,68 €
07/05/19	715	Conceder unha axuda económica.	A. R. B. R.	Pago de electricidade, correspondente a dez meses de 2019.	

C.I.F. P-1503100-H

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

*****Dinamización social :***

O xoves 16 de maio ás 11,030 horas, a **Agrupación Musical Voces Veteranas de Culleredo** ofrecerá un concerto co motivo do Día das Letras Galegas. Terá lugar na **Escola Infantil O Burgo** (Cross) e participarán os nenos e nenas.

O luns día 20 ás 10:30 ofrecerase outro concerto similar na **Escola Infantil Fonte da Balsa** de Vilaboa.”

3.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2018/19

A) ACTIVIDADE: Roteiro guiado polos hortos municipais.

Programa: Educación ambiental.

Datas: 13 de maio.

Horario: de 10:30 a 13:30 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo.

Curso: 2º EP.

Nº participantes: 53.

Lugar: Aula de Natureza e Xardín Botánico.

B) ACTIVIDADE: O Burgo de Faro: porto de peregrinos.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 14 de maio.

Horario: de 10:00 a 13:00 h.

Centros participantes: CEIP Sofía Casanova.

Curso: 4º EP.

Nº participantes: 52.

Lugar: Paseo marítimo e ponte do Burgo.

C) ACTIVIDADE: Ruta didáctica polo patrimonio natural: río Trabe.

Programa: Educación ambiental.

Datas: 14 de maio (aprazada por mal tempo).

Horario: de 9:30 a 13:00 h.

Centros participantes: CEIP Sofía Casanova e CEIP Díaz Pardo.

Curso: 2º EP.

Nº participantes: 50.

Lugar: último tramo do regato de Trabe.

D) ACTIVIDADE: Torre de Celas: unha historia no Medievo.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 15 de maio.

Horario: de 10:00 a 12:30 h.

Centros participantes: CEIP Tarrío e CEIP Ría do Burgo.

Curso: 3º EP.

Nº participantes: 48.

Lugar: parque da Torre de Celas.

C.I.F. P-1503100-H

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 13 DE MAIO

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 18.00 h:

Concerto didáctico de violín, con Alicia García. Entrada libre.

MARTES 14 DE MAIO

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 20.30 h:

Concerto didáctico de violín, a cargo de alumnos/as da profesora Teresa Dieste. Entrada libre.

MÉRCORES 15 DE MAIO

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 17.00 h:

Concerto LETRAS GALEGAS.

MÉRCORES 15 DE MAIO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 17.00 h:

Contos para bebés.

De 0 a 3 anos. Recollida de invitacións o mesmo día na Biblioteca dende as 16.30 h:

VENRES 17 DE MAIO

Praza Europa do Burgo.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS. DEDICADO A ANTONIO FRAGUAS

FEIRA DE ARTESANÍA.

Programa:

12.00 a 20.00 h: Feira de Artesanía.

12.30 h: Actuación dos grupos folclóricos Catalmibre e Acoradoira.

12.00 a 14.00 e 16.00 a 20.00 h: Obradoiros infantís de artesanía e animación.

16.00 h: Mago Romarís: *Maxia á feira*.

19.00 h: Espectáculo circense Isla letriská.

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Ao abeiro do previsto no artigo 72 do Regulamento orgánico municipal (BOP núm. 162, do 16 de xullo de 2004) a Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local o asunto relativo á proposta da Sra. concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, do 13 de maio de 2019, relativa á proposta de aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dun/ha técnica/o de turismo.

Sometida a urxencia a votación ordinaria, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido sométese a debate e votación a proposta da Sra. concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, do 13 de maio de 2019, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA-Convocatoria selección técnica/o de turismo

1. No Boletín Oficial da Provincia núm. 6 do 09 de xaneiro de 2019 publicouse o anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña polo que se publica o acordo da Xunta de Goberno Local do día 04 de xaneiro de 2019 polo que se aproban as Bases específicas reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2019, e que complementan as bases xerais das convocatorias de subvencións da Deputación publicadas no BOP número 240 do 18 de decembro de 2018.

O Concello de Culleredo solicitou a citada subvención á Deputación Provincial da Coruña, de acordo coa convocatoria publicada no BOP número 6 do 09 de xaneiro de 2019 de programas de subvención dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2019.

No Boletín Oficial da Provincia número 71 do día 12 de abril de 2019 publicouse a resolución pola que se aproba a concesión definitiva ao Concello de Culleredo dunha subvención por un importe de 10.400,00 euros para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2019.

2. O día 24 de abril de 2019 a xefa de Servizo de Dinamización, Formación e Emprego, co visto e praxe do concelleiro delegado de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas, remite informe-proposta para a convocatoria de probas selectivas para prover, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, o posto de técnica/o de turismo por un período de 4 meses.

O artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en adiante, LEPG), establece que un dos principios informadores do réxime xurídico do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia é a igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público.

No artigo 26.3, establece que poden ser desempeñados por persoal laboral, entre outros, os postos de natureza non permanente, circunstancia que concorre neste caso.

E no seu artigo 56 establece que poderán utilizarse para a selección do persoal os sistemas de oposición, concurso-oposición e, excepcionalmente, concurso. Neste caso, e en consideración á natureza temporal do vínculo laboral e ao traballo a desenvolver no período de contratación, enténdese que o sistema máis axeitado é o concurso-oposición.

3. De acordo co establecido no artigo 48 do Convenio Colectivo do Concello de Culleredo (Retribucións persoal laboral que non ocupe posto na RPT), o custo salarial (retribucións e cota patronal da seguridade social) de 4

meses, dun técnico de turismo (grupo I-b – persoal laboral), cunha xornada completa é de 11 057,88 € (salario bruto mensual, incluída prorrata paga extra: 2 082,46 €; cota patronal seguridade social mensual: 682,01 €).

4. Polo Servizo de Persoal e Organización, elaboráronse as bases do proceso selectivo de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, texto refundido do estatuto dos traballadores; Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, estatuto básico do empregado público; Convenio colectivo do Concello de Culleredo (BOP 04/07/2013) e Bases específicas que complementan as bases reguladoras xerais das convocatorias de subvencións da deputación, publicadas no BOP núm. 247, do 30 de decembro de 2016 (BOP 15/02/2015).

O día 02 de maio de 2019 a interventora xeral emite reparo suspensivo UIT13I00CH. O 09 de maio de 2019 a secretaria xeral emite nota informativa número 40/2019 (documento USG13I00FQ) na que informa desfavorablemente a proposta. O día 10 de maio de 2019 o xefe de servizo de economía e facenda emite unha discrepancia ao reparo formulado (código documento número UPO13I00IM). O 13 de maio de 2019 o sr alcalde dita resolución por medio da cal acorda levantar o reparo UIT13I00CH que formula a Intervención municipal xeral e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

Por resolución do alcalde do 10 de novembro de 2017, acordouse a delegación na Xunta de Goberno Local da atribución para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal.

De acordo con anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, a aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dun/ha técnica/o de turismo, de acordo co seguinte detalle:

PROBAS SELECTIVAS, TÉCNICA/O DE TURISMO.

CONVOCATORIA

Convócase proceso selectivo, para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, dun/ha técnica/o de turismo.

A relación laboral formalizarase mediante un contrato de traballo de carácter temporal por obra ou servizo determinado, con xornada completa.

A retribución será a establecida no artigo 48 do Convenio colectivo do Concello de Culleredo. No caso de que a o/a aspirante seleccionado/a posúa algunha das titulacións de grao, licenciatura ou diplomatura das esixidas no punto 1.2 desta convocatoria corresponderanlle as retribucións do gupo I-b. No caso de que o/a aspirante seleccionado/a posúa algunha das titulacións de técnico das esixidas no punto 1.2 desta convocatoria corresponderanlle as retribucións do grupo II.

A duración deste contrato será de 4 meses.

A convocatoria e as bases da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello(www.culleredo.es), e anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

BASES DA CONVOCATORIA

1. Requisitos dos/das candidatos/as

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1.1. Nacionalidade. Cúmrese este requisito nos seguintes casos:

a) Ser español/a.

b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevexa o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinteun anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.

d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

1.2. Titulación. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo, dalgún dos seguintes títulos:

- Certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante (HOTI0108).
- Técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
- Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
- Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
- Grao ou licenciatura en Humanidades.
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Grao ou licenciatura en Historia.

1.3. Capacidade legal: Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

1.4. Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.5. Habilitación: Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administración Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

2. Solicitudes

2.1. Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia, segundo o modelo do anexo, que se facilitará na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

2.2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá presentar orixinal ou copia da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.
- Título ou acreditación do requisito de titulación.
- Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, e fotocopia dos documentos xustificativos. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. (base 5.1)
- Memoria (base 5.2)

2.3. O prazo para a presentación das solicitudes será de cinco días hábiles, desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

2.4. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 19 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario do Rexistro xeral do Concello de Culleredo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

2.5. Dada o carácter urxente da convocatoria, a presentación das instancias por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, debe ser comunicada vía fax (número 981 67 76 46).

3. Admisión dos/das aspirantes.

3.1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se declarará aprobada a lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

3.2. Prazo reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión. Dada o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, debe ser comunicada vía fax (número 981 – 677646).

3.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es). A admisión do/da aspirante e a súa inclusión na lista definitiva de admitidos e excluídos, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos. Polo tanto, a comprobación en calquera momento do proceso, do non cumprimento dos requisitos esixidos conlevará a exclusión do/da aspirante.

4. Comisión da avaliación

4.1. A Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Funcionaria/o dos grupos A1/ A2 ou Persoal laboral fixo grupos I-a / I-b.
- Vogais (3 titulares e 3 suplentes): Funcionaria/o dos grupos A1/ A2 ou Persoal laboral fixo grupos I-a / I-b.
- Secretaria/o. Titular: Secretaria xeral do Concello. Suplente: a persoa que ocupe a Secretaría xeral de xeito accidental.

4.2. A composición nominativa da comisión de valoración (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

4.3. Os membros da comisión de valoración terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a poderá solicitar dos membros da comisión de valoración declaración expresa de non atoparse incursos na obriga de abstención regulada nesta base.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de valoración cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta base.

4.4. A comisión de valoración non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente/a, o/a secretario/a e un/unha vogal.

4.5. Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. A comisión de valoración queda autorizada para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

5. Proceso selectivo.

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición, de acordo co seguinte detalle:

5.1 FASE DE CONCURSO (máximo 10 puntos)

5.1.1. Cursos de especialización, en centros oficiais ou homologados, relacionados co sector turístico (ata un máximo de 4 puntos):

- Máster ou posgrao:..... 0,50 puntos.
- Cursos de 100 horas ou máis:.....0,30 puntos.
- Cursos de 50 a 99 horas:0,20 puntos.
- Cursos de 20 a 49 horas:..... 0,10 puntos.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

5.1.2. Pola posesión do carné de Guía Turístico Especializado de Galicia: 1 punto.

5.1.3. Experiencia profesional como técnico/a de turismo (ata un máximo de 5 puntos):

- Na Administración Pública 0'20 puntos por cada mes completo.
- Na empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Experiencia na administración pública: Certificado de servizos prestados emitidos pola Administración correspondente.
- Experiencia na empresa privada: Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).

5.2.-FASE DE OPOSICIÓN (A memoria e a súa defensa serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos.)

De carácter obrigatoria e eliminatoria.

* **Memoria:** Elaboración dunha memoria, que deberá presentarse dentro do prazo de presentación de instancias, coas seguintes características: extensión non superior a 10 folios, formato A4, que versará sobre una proposta de organización e funcionamento dunha oficina de turismo en Culleredo para un período de 4 meses.

* **Defensa da memoria:** Na que se procederá á defensa da memoria por parte do/a aspirante e na que a Comisión de Valoración poderá facer todas as preguntas que considere oportunas para constatar os

coñecementos sobre a materia e as aptitudes do/a candidato/a para poder proceder posteriormente a súa avaliación.

6. Desenvolvemento do proceso selectivo

6.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. A Comisión de Avaliación publicará na paxina web do Concello (www.culleredo.es) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na fase de oposición, maior puntuación no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; maior puntuación no apartado posesión do carné de guía turístico especializado de Galicia; maior puntuación no apartado cursos de especialización relacionados con sector turístico. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

7. Presentación de documentación e resolución de contratación

7.1. O/a candidato/a seleccionado terá que presentar no Concello de Culleredo, dentro dos tres días hábiles a partir da publicación da lista co resultado do proceso na páxina web, para poder ser contratado como persoal laboral temporal, os seguintes documentos:

- a) Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de nacionalidade e titulación.
- b) Certificado médico, no que se acredite non estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto.
- c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- d) Orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados.

7.2. O/a candidato/a seleccionada/o será contratada/o previa resolución do alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a.

7.3. Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na solicitude inicial.

7.4. No caso de que a/o candidata/o seleccionada/o non poda ser contratada/o por non ter presentado a documentación requirida, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro aspirante, seguindo a orde do proceso selectivo de acordo coa relación de aspirantes publicada pola Comisión de avaliación na paxina web do Concello (www.culleredo.es).

8. Base final

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación da Comisión de Avaliación poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas."

Dáse conta do informe da Sra. interventora xeral, de data 2 de maio de 2019, que transcrito literalmente di:

"INFORME DE INTERVENCIÓN DE FISCALIZACIÓN DE LA PROPUESTA DE APROBACIÓN DE LA
"CONVOCATORIA SELECCIÓN TÉCNICO/A DE TURISMO"

La funcionaria que suscribe, Interventora General del Ayuntamiento de Culleredo, con arreglo a lo establecido en el artículo 214 RD Legislativo 2/2004 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL), y con carácter previo a la adopción del correspondiente acuerdo, tiene a bien emitir el siguiente informe:

1.- De conformidad con lo previsto en el artículo 11 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

De conformidad con lo previsto en el artículo 61 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público los procesos selectivos tendrán carácter abierto y garantizarán la libre concurrencia, sin perjuicio de lo establecido para la promoción interna y de las medidas de discriminación positiva previstas en este Estatuto.

2.- Según lo establecido en el Real Decreto-ley 24/2018, de 21 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes en materia de retribuciones en el ámbito del sector público, la prórroga automática de los Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, en aplicación de la previsión contenida en el artículo 134.4 de la Constitución, implica la vigencia del artículo 19 Dos de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, que prohíbe la contratación temporal. No se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, cuestión esta que no considero suficientemente motivada.

3.- Respecto a la existencia de crédito disponible, una vez concedida definitivamente la subvención de la Diputación "Programa DP0029: Programa de subvencions dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2019" sólo depende de la tramitación de la correspondiente generación de crédito.

4.- La información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local, está recogida entre las competencias propias de los Ayuntamientos (art. 25.2 h) LRBRL).

En base a lo anterior, se llega a la siguiente

CONCLUSIÓN

Teniendo en cuenta la legislación expuesta y las consideraciones realizadas se informa desfavorablemente la propuesta remitida por no acreditarse la excepcionalidad, urgencia e inaplazabilidad que justifique la contratación temporal y, en consecuencia, se formula el correspondiente reparo suspensivo por omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales (artículo 216.2 c) TRLRHL)."

Dáse conta da nota informativa de secretaría núm. 40/2019, do 9 de maio de 2019, que transcrita di:

"NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

40/2019

Téndose presentado nesta Secretaría proposta de convocatoria e bases para a contratación laboral temporal dun/dunha técnico/a de turismo, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

Primeira.- Lexislación aplicable

- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público. (en adiante TRLEBEP)
- Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- Real decreto 364/1995 do Regulamento xeral do ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposiciones vixentes en materia de réxime local, TRRL.
- Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medias urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público
- Artigo 19. Dos da Lei 6/2018, de 3 de xullo , de Presupostos xerais do estado para o ano 2018

Segunda.- Os principios que rexen para o acceso á función pública están recollidos nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución española, e son os de igualdade, mérito e capacidade, ao que debemos engadir, pola súa previsión legal nun texto que é normativa básica, o de publicidade.

Terceira.- En relación co persoal laboral ao servizo da Administración pública, temos que ademais dos principios que rexen a contratación laboral están os principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso, pola razón que no caso das Administracións Públicas converxe un dobre interés: dunha banda, o de seleccionar ao persoal que reúna as condicións máis axeitadas para o desempeño do posto en cuestión, coincidente coa empresa privada, e por outra banda, a salvagarda do interese público que toda administración pública representa, interese que se concreta no dereito dos cidadáns a acceder nas mesmas condicións de igualdade, mérito e capacidade ós postos de traballo remunerados con cargo ós presupostos públicos.

O comentado anteriormente concrétese na lexislación vixente. Así o artigo 55 do TRLEBEP sinala que:

"1.- Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.

2.- Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su persoanal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*
- d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*
- e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar*
- f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad en los procesos de selección."*

Incide no mesmo a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, que no seu artigo 91.2 reproduce o contido do artigo 19.1 da LMRFP; algo no que insiste o artigo 103, referente ó persoal laboral, que será seleccionado -dispón- "...atenéndose, en todo caso, ó disposto no artigo 91 e co máximo respecto ó principio de igualdade de oportunidades de cantos reúnan os requisitos esixidos...".

En relación con este precepto, a Sentenza do Tribunal Supremo do 20.01.1998, establece que <<Este precepto, que se califica en el artículo 1.3 de la citada Ley como una de las bases del régimen estatutario de la función pública, resulta aplicable, por tanto, a todas las Administraciones, y contiene un mandato cuyo carácter imperativo no puede desconocerse. Se impone en él la aplicación al personal laboral de los criterios de selección tradicionales en la función pública y ello tiene una indudable trascendencia en orden al sistema de garantías que el propio precepto menciona y que enlazan con las previsiones constitucionales sobre la igualdad de los ciudadanos en el acceso a la función pública (artículos 14 y 23 de la Constitución), entendida aquélla en sentido amplio -como empleo público- y en la aplicación para dicho acceso de los principios de mérito y capacidad (art.103.3 de la Constitución).

Por su parte, el art. 15.1, c) de la Ley 30/1984, en la redacción de la Ley 23/1988, establece que con carácter general los puestos de trabajo de las Administraciones Públicas han de desempeñarse por funcionarios con las únicas excepciones que menciona el párrafo segundo de este precepto (puestos no permanentes, actividades propias de oficios y de vigilancia y custodia, puestos de carácter instrumental en áreas específicas, los correspondientes a áreas de actividades que requieran conocimientos técnicos especializados cuando no existan cuerpos de funcionarios con preparación específica y los puestos de trabajo en el extranjero).

El artículo 19 de la Ley 30/1984 fue desarrollado en el Reglamento General de Provisión de Puestos de Trabajo, aprobado por el Real Decreto 2223/1984, que dedica su Título III a la selección de personal laboral fijo y que, en su artículo 32, autoriza la contratación temporal de personal laboral para realizar trabajos que no puedan ser atendidos por personal fijo, si bien hay que precisar que dado el carácter temporal del vínculo y la urgencia de la contratación se aplican en estos casos procedimientos de selección más flexibles que han de determinarse por el Ministerio competente. Las mismas reglas se contienen en el Título II del Reglamento vigente aprobado por el Real Decreto 364/1995.

Estas disposiciones sitúan a las Administraciones Públicas en una posición especial en materia de contratación laboral, en la medida en que las irregularidades de los contratos temporales, no pueden dar lugar a la adquisición de la fijeza, pues con ello se vulnerarían las normas de derecho necesario sobre la limitación de los puestos de trabajo en régimen laboral y la reserva general a favor de la cobertura funcional, así como las reglas imperativas que garantizan que la selección debe someterse a los principios de igualdad, mérito y publicidad en el acceso al empleo público>>

Así o artigo 49 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón que:

"Principios xerais. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei seleccionarán **o persoal ao seu servizo** de conformidade cos principios seguintes:

- a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e das persoas con discapacidade
- b) Mérito e capacidade.
- c) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- d) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección.
- e) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver.

h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos."

Polo que respecta en concreto ao persoal laboral temporal, o artigo 26.3 da devandita Lei 2/2015, establece que "3. Poden ser desempeñados por persoal laboral: a) Os postos de natureza non permanente e aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo. b) Os postos cuxas actividades sexan propias de oficios. c) Os postos correspondentes a áreas de actividade que requiran coñecementos técnicos especializados cando non existan corpos ou escalas de persoal funcionario cuxas persoas integrantes teñan a preparación específica necesaria para o seu desempeño. d) Os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos e instalacións e mais de artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística."

Engadindo no seu artigo 27.1 " 1. Os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e se consideren de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal de conformidade cos procedementos previstos no convenio colectivo que resulte aplicable. En todo caso, para a contratación deste persoal laboral non se poderá acudir ás empresas de traballo temporal. "

En atención ao exposto, a contratación do persoal laboral temporal por parte das Administracións Públicas debe respetar os devanditos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Cuarta.- Segundo o establecido no Real decreto lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medias urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, a prórroga automática dos presupostos xerais do estado para o ano 2018, en aplicación da previsión contida no artigo 134.4 da Consitución, implica a vixencia do artigo 19. Dos da Lei 6/2018, de 3 de xullo , de Presupostos xerais do estado para o ano 2018, segundo o cal: "No se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables."

Consecuentemente supprime a contratación de persoal laboral temporal e os nomeamentos de funcionarios interinos, permitindo como únicas excepcións as contratacións que se deban a casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables , conceptos estes que entrarían dentro do que se coñece como concepto xurídico indeterminado.

Este tipo de conceptos xurídicos indeterminados obriga a que sexa o órgano competente o que o determine e concrete en cada caso. Non se trata de deixar unha potestade discrecional en mans do órgano competente, senon de que este xustificadamente aprecie a concorrencia en cada caso das circunstancias que motivarían a excepcional contratación de persoal temporal.

Sen embargo esto non pode supoñer unha liberdade absoluta do órgano competente en orden a apreciación libre e discrecional das circunstancias concorrentes, senon que debe limitarse a determinar se concorre ou non o suposto de feito que habilita acudir á forma extraordinaria de contratación laboral temporal ou de interinidade. Igualmente a propia xurisprudencia e incluso algunha normativa teñen concretado ou acotado o que pode entenderse tanto como necesidades urxentes e inaplazables.

Así mesmo, os requisitos establecidos no presente artigo deben concorrer acumulativamente, isto é que en definitiva a contratación que se pretende levar a cabo terá que reunir estes criterios conxuntamente:

- 1.- a contratación pretendida debe ser un caso excepcional.
- 2.-debe ter como fin necesidades urxentes e inaplazables.

Así en canto a que se trate dun suposto excepcional de contratación, o diccionario da Real Academia Española da Lingua define excepcional como aquilo que constitúe unha excepción da regra común, que se aparta do ordinario ou que ocorre rara vez.

Como é obvio tal excepcionalidade debe estar xustificada no expediente.

C.I.F. P-1503100-H

Neste sentido no expediente administrativo entregado a esta Secretaría non consta ningún tipo de xustificación ao respecto.

Polo que respecta ao segundo dos requisitos podemos sinalar que resulta paradigmática e clarificadora a sentenza ditada polo TSJ de Madrid, sala do contencioso-administrativo, sección 3ª, de data 10 de setembro de 2007, que se ben referida á interpretación do artigo 64.1 do Real Decreto 364/1995, esta Secretaría entende plenamente aplicable tamén á previsión do artigo 3 punto dous do Real Decreto-Lei 20/2011 de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que agora nos ocupa e que no seu fundamento xurídico quinto establece que:

"Del tenor literal de dicho precepto claramente se sigue que el presupuesto de hecho habilitante para acudir a esta forma de provisión es la existencia de una situación de necesidad, que la norma califica como urgente e inaplazable, la cual permite excepcionar la forma normal de provisión de puestos de trabajo reservados a funcionarios que es el concurso de méritos (artículo 36.1 del mismo Real Decreto 364/1995).

Por lo tanto, la revisión de la legalidad de la actuación administrativa pasa necesariamente por analizar si la urgencia e inaplazable necesidad concurre en el caso planteado. Se ha de tener presente en este sentido que no estamos ante una facultad discrecional de la Administración, caracterizada porque la Ley misma le reserva un margen de apreciación para determinar cual sea la decisión adecuada de entre varias igualmente justas, sino ante lo que se ha denominado como concepto jurídico indeterminado, en el que existe una única solución posible, si bien no explicitada por la norma, lo que se traduce en el caso que nos ocupa en la determinación de si concurre o no el supuesto de hecho que habilita para acudir a la forma extraordinaria de provisión que es la comisión de servicios, es decir, si había una urgente e inaplazable necesidad de cubrir los puestos controvertidos; determinación que en modo alguno puede abandonarse sólo al juicio administrativo pues se estaría con ello propiciando un ejercicio arbitrario de la potestad, opaco al control judicial, cuando la norma ha querido condicionar la posibilidad de la comisión a un hecho cierto: la concurrencia de la situación de necesidad, que existe o que no existe, pero que no depende del criterio administrativo. Pues bien, es por ello igualmente innegable que la concurrencia de dicho presupuesto habilitante ha de resultar acreditada en el procedimiento administrativo y explicitada en la resolución de nombramiento, permitiendo en cualquier caso cuestionar la legalidad de la decisión mediante el análisis de la realidad del presupuesto de hecho en el que se asienta.

Sin embargo, en el caso de autos no hay otro indicio de que concurre real y verdaderamente la situación de necesidad, y que esa necesidad es urgente e inaplazable, que la mera consignación del artículo 64.1 del Real Decreto 364/1995, en el Acuerdo de nombramiento, insuficiente para contrastar que, en efecto, resultaba urgente e inaplazable la cobertura de la plaza vacante por el mecanismo excepcional de la comisión de servicios. La necesidad urgente e inaplazable de cubrir una plaza mediante una comisión de servicios, no se acredita con la mera afirmación de la Administración de que existe tal necesidad y que ésta es urgente e inaplazable, porque la existencia de la necesidad, y el carácter urgente e inaplazable de ésta, son circunstancias de hecho que o concurren o no concurren, y que se pueden apreciar empíricamente acreditando el volumen de trabajo de la plaza, el trabajo pendiente que provoca la falta de cobertura de aquélla, la repercusión de la falta de cobertura del puesto de trabajo en el Servicio o Unidad en el que se halla, etc, es decir que la Administración puede y debe justificar que se dan las circunstancias que permiten acordar la comisión de servicios, y debe hacerlo aportado peticiones o informes de los responsables de la Unidad o Servicio, quejas, estadísticas, estudios sobre asuntos pendientes o documentación similar, que permita a los Jueces y Tribunales de esta Jurisdicción verificar que existe la necesidad urgente e inaplazable que impone la norma como presupuesto de hecho para acordar la comisión de servicios".

Polo tanto da lectura da citada sentenza queda claro que ten que xustificarse no expediente de xeito obxectivo a necesidade urxente e inaprazable da utilización dunha forma excepcional de contratación ou selección. Sinalando así mesmo unha serie de formas ou medios de xustificación (volume de traballo da praza, repercusión da falla de cobertura no servizo, queixas, estatísticas, estudos etc...).

No presente expediente tampouco constan xustificadas este extremos.

Finalmente sinalar que, a xuízo desta Secretaría, a financiación ao 100% do custo do traballador/a non pode suplir as citadas esixencias legais.

CONCLUSIÓN

En atención ao exposto infórmase DESFAVORABLEMENTE as bases e a convocatoria para a contratación laboral temporal dun/dunha técnico/a de turismo.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa seis(6) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as observacións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.”

Dáse conta do informe do Sr. xefe de Servizo de Economía e Facenda, de data 10 de maio de 2019, que transcrito literalmente di:

“ANTECEDENTES

O 26 de abril de 2019 o Servizo de Persoal e Organización formula proposta á Xunta de Goberno Local para a aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dun/dunha técnico/a de turismo, para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición. A súa relación laboral formalizárase mediante un contrato de traballo de carácter temporal por obra ou servizo determinado, con xornada completa.

O día 02 de maio de 2019 a interventora xeral informa:

- a existencia de crédito dispoñible, unha vez concedida definitivamente a subvención da Deputación “Programa DP0029: Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o anos 2019” só depende da tramitación da correspondente xeración de crédito.
- A información e promoción da actividade turística de interés e ámbito local, está recollida entre as competencias propias dos concellos (art. 25.2 h) da LRBRL).

Mais emite reparo suspensivo por “omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales (artículo 216.2 c) TRLRHL)” ao “no acreditarse la excepcionalidad, urgencia e inaplazabilidad que justifique la contratación temporal”.

CONSIDERACIÓNS

1. No Boletín Oficial da Provincia núm. 6 do 09 de xaneiro de 2019 publicouse o anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña polo que se publica o acordo da Xunta de Goberno Local do día 04 de xaneiro de 2019 polo que se aproban as Bases específicas reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2019, e que complementan as bases xerais das convocatorias de subvencións da Deputación publicadas no BOP número 240 do 18 de decembro de 2018.

O Concello de Culleredo solicitou a citada subvención á Deputación Provincial da Coruña, de acordo coa convocatoria aprobada pola Deputación Provincial.

No Boletín Oficial da Provincia número 71 do día 12 de abril de 2019 publicouse a resolución pola que se aproba a concesión definitiva ao Concello de Culleredo dunha subvención por un importe de 10.400,00 euros para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2019.

2. A xefa de servizo de dinamización, formación e emprego remite informe-proposta propoñendo a convocatoria de probas selectivas para prover, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, o posto de técnica/o de turismo por un período de 4 meses.

O artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en adiante, LEPG), establece que un dos principios informadores do réxime xurídico do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia é a igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público.

No artigo 26.3, establece que poden ser desempeñados por persoal laboral, entre outros, os postos de natureza non permanente, circunstancia que concorre neste caso.

E no seu artigo 56 establece que poderán utilizarse para a selección do persoal os sistemas de oposición, concurso-oposición e, excepcionalmente, concurso. Neste caso, e en consideración á natureza temporal do vínculo laboral e ao traballo a desenvolver no período de contratación, enténdese que o sistema máis axeitado é o concurso-oposición.

3. Polo Servizo de Persoal, elaboráronse as bases do proceso selectivo de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, texto refundido do estatuto dos traballadores; Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, estatuto básico do empregado público; Convenio colectivo do Concello de Culleredo (BOP 04/07/2013) e Bases específicas que complementan as bases reguladoras xerais das convocatorias de subvencións da deputación.

En base a todo o que, formúlase a seguinte

DISCREPANCIA

1. En anteriores informes emitidos pola Intervención xeral, entendeuse que non habendo Lei de Orzamentos do Estado aprobada para o exercicio en curso, non se pode entender prorrogada a limitación ás contratacións impostas pola Lei correspondente ao exercicio anterior.
2. E aínda no caso de que se considerase que tales limitacións estiveran vixentes, esta contratación é excepcional, necesaria e urxente, cumprindo así as condicións establecidas polo artigo 19 Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, para poder proceder á contratación de persoal temporal, xa que a mesma
 - é excepcional no sentido de que só se propón ante a concesión dunha axuda para esta contratación específica pola Deputación Provincial.
 - é necesaria, posto que sen a súa realización non é posíbel realizar o programa de información turística que se pretende levar a cabo.
 - é urxente, no sentido de que ten que ser atendida inmediatamente e debe ser feita coa maior rapidez posíbel (esta é acepción de "urxente" recollida no Dicionario da Real Academia Galega) por dous motivos: debe realizarse neste momento concreto polos prazos perentorios establecidos pola normativa da subvención e porque as labores de información turística deben levarse a cabo, de xeito preferente, na época estival."

Dáse conta da resolución da alcaldía, de data 13 de maio de 2019, pola que se acordou levantar o reparo UIT13I00CH que formula a Intervención municipal xeral e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

Ao non producirse intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Sra. concelleira delegada de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, de data 13 de maio de 2019, que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

Código do documento	Código do expediente
USG13I00G2	USG/2019/76
Código de Verificación Electrónica (COVE)  0W29 722H 1I73 0X60 02VC	

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde en funcións
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente nesta data polo concelleiro delegado de Urbanismo, que actuou como Presidente nesta acta en calidade de alcalde en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).

C.I.F. P-1503100-H